

Sumario | nº13 – Xaneiro 2022

**EDIUS** **NOVAS**


## O segundo período de matriculación para o inicio de estudos de doutoramento comeza en febreiro

Ofertaranse 385 prazas vacantes nos 55 PD que ten a EDIUS



**EDIUS** **NOVAS**

## I Campus de Inverno en Santiago e Lugo sobre procesos de acreditación e valoración de méritos



**EDIUS** **NOVAS**

## A actividade da EDIUS em LinkedIn alcanza os 700 seguidores



catro cousas

## José Tubío, XI Premio Nacional de Investigación en Cancro 'Doutores Diz Pintado'



**EDIUS** **NOVAS**




## A EDIUS impulsa unha canle propia de YouTube



**ENTREVISTA**

Xosé Luís Pastoriza Rozas. Departamento de Filosofía e Antropoloxía (USC)



«O éxito da nosa investigación constrúese sobre a capacidade para crear equipos eficaces, compartir visións e misións e celebrar os éxitos colectivos»



**OPINIÓN**

## E despois da tese, que?



**ENTREVISTA**

María José Martín Pereira. Consultora da Queen Mary University, Londres.

«O alumnado debe considerar se as opcións que valora para decidir a carreira profesional lle van facer feliz»



**EDIUS** **NOVAS**

Ofertaranse 385 prazas vacantes nos 55 PD que ten a EDIUS

## O segundo período de matriculación para o inicio de estudos de doutoramento comeza en febreiro

No mes de febreiro, comeza o prazo do segundo período de matriculación para o inicio de estudos do programa de doutoramento da USC. Son un total de 385 prazas dos 55 Programas de Doutoramento que oferta a EDIUS. O programa con máis prazas vacantes é o de Ciencia e Tecnoloxía Química (29), seguido polos de Medicina Molecular, Física Nuclear e de Partículas e Investigación Agraria e Forestal (16 cadansúa).

Para iniciar os trámites deste segundo período de matriculación, estas son as datas que os/as interesados/as deberán ter en conta:

Solicitud de admisión 2º período	3 – 7 febreiro 2022
Publicación relacións provisorias 2º período	11 febreiro 2022
Reclamación relacións provisorias 2º período	12 – 16 febreiro 2022
Publicación relacións definitivas 2º período	23 febreiro 2022
2º período de matrícula	24 - 28 febreiro 2022

Se comparamos os tres últimos académicos, observamos que as porcentaxes de alumnado de nova matrícula mantéñense case exactamente. O mesmo pasa se analizamos os datos de distribución por áreas. Debemos ter en conta que, neste curso 2021-2022 aínda están pendentes de engadir as cifras da segunda convocatoria de matrícula que comeza en febreiro.

### Curso 21/22

Tipo matrícula	nº	%
Novos	465	19%
Continuación	2044	81%
<b>Total general</b>	<b>2509</b>	<b>100%</b>
Matrícula por áreas	nº	%
Artes e Humanidades	487	19%
Ciencias	419	17%
Ciencias da Saúde	797	32%
Ciencias Sociais e Xurídicas	597	24%
Enxeñaría e Arquitectura	209	8%
<b>Total general</b>	<b>2509</b>	<b>100%</b>

[↩ Ir ao sumario](#)

### Curso 20/21

Tipo matrícula	nº	%
Novos	500	18%
Continuación	2226	82%
<b>Total general</b>	<b>2726</b>	<b>100%</b>
Matrícula por áreas	nº	%
Artes e Humanidades	547	20%
Ciencias	430	16%
Ciencias da Saúde	864	32%
Ciencias Sociais e Xurídicas	661	24%
Enxeñaría e Arquitectura	224	8%
<b>Total general</b>	<b>2726</b>	<b>100%</b>

### Curso 19/20

Tipo matrícula	nº	%
Novos	522	19%
Continuación	2226	81%
<b>Total general</b>	<b>2748</b>	<b>100%</b>
Matrícula por áreas	nº	%
Artes e Humanidades	582	21%
Ciencias	402	15%
Ciencias da Saúde	888	32%
Ciencias Sociais e Xurídicas	658	24%
Enxeñaría e Arquitectura	218	8%
<b>Total general</b>	<b>2748</b>	<b>100%</b>

Analizando os datos de cantas teses de doutoramento se defenderon nos últimos anos na USC, vemos que o curso pasado houbo un incremento considerable con respecto ao anterior, onde os tarefas investigadores e presentacións sufriron un parón importante por mor da Covid-19. Con respecto a este curso, o número é aínda baixo porque quedan moitos meses por diante para realizar a defensa das teses de doutoramento.

Curso	Total
2019/2020	290
2020/2021	330
2021/2022	34

Tendo en conta a distribución por áreas, os datos dos tres últimos cursos académicos son os seguintes:

Curso académico	Área	nº	%
2019/2020	Área de Ciencias	64	22%
	Área de Ciencias da Saúde	91	31%
	Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	45	16%
	Área de Enxeñaría e Arquitectura	25	9%
	Área de Artes e Humanidades	65	22%
<b>Total 2019/2020</b>		<b>290</b>	<b>100%</b>
2020/2021	Área de Ciencias	66	20%
	Área de Ciencias da Saúde	112	34%
	Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	70	21%
	Área de Enxeñaría e Arquitectura	24	7%
	Área de Artes e Humanidades	58	18%
<b>Total 2020/2021</b>		<b>330</b>	<b>100%</b>
2021/2022	Área de Ciencias	6	18%
	Área de Ciencias da Saúde	16	47%
	Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	6	18%
	Área de Enxeñaría e Arquitectura	1	3%
	Área de Artes e Humanidades	5	15%
<b>Total 2021/2022</b>		<b>34</b>	<b>100%</b>

Nestes últimos anos, houbo unha novidade importante na defensa das teses por parte dos doutorandos e doutorandas. A pandemia obrigou a habilitar a defensa telemática (100% virtual). Na Universidade de Santiago, a primeira destas defensas non presenciais tivo lugar o 17 de marzo de 2020. Desde ese día e até o 17/12/2021, a distribución de teses tendo en conta a modalidade de defensa é a seguinte:

Tipo de defensa	nº	%
Telemáticas (100% virtuais)	212	41%
Semipresenciais	163	32%
Presenciais	137	27%
<b>Total</b>	<b>512</b>	<b>100%</b>

## Admisión e matrícula

A solicitude de novas admisións en programas de doutoramento realizarase a través da **Secretaría Virtual**, nos prazos que se establezan no **Calendario** da Convocatoria xeral de matrícula. O alumnado cumprimentará os datos persoais e de acceso requiridos na solicitude de admisión, incluíndo na mesma o documento de identidade e copia da titulación de acceso e, de ser o caso, xuntará os documentos adicionais e específicos que se lle esixan por parte do programa de doutoramento no que solicita a admisión.

Unha vez matriculado, o alumnado deberá acreditar documentalmente na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo a titulación de acceso indicada na solicitude de admisión, mediante certificación oficial orixinais ou compulsada polo organismo expedidor; agás os que indicaran titulacións de acceso ao doutoramento obtidas nesta Universidade.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula, unha vez formalizada a mesma e tras a revisión da documentación académica de acceso achegada polo/a interesado/a no órgano correspondente.

A matrícula considerarase definitiva, unha vez comprobado que se reúnen os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos declarados.

## Selección

As Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento realizarán a selección do alumnado e publicarán as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa, na Sede Electrónica da USC e na Secretaría Virtual do solicitante.


Contra esta resolución o alumnado poderá presentar reclamación perante as Comisións Académicas no prazo establecido na Convocatoria xeral de matrícula.

Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de mestría universitaria, ou equivalente, sempre que se superasen, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.

Ademais, existen outras posibilidades que permiten o acceso aos estudos oficiais de doutoramento, que están reguladas no [artigo 6](#) do RD 99/2011.

A matrícula dos programas de doutoramento incluírá tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa.

A matrícula destes créditos transversais formalizarase xunto coa matrícula de tutela académica ou en calquera momento do curso académico a través da [Secretaría Virtual](#), unha vez autorizada e verificados os créditos.



**EDIUS** **NOVAS**

## I Campus de Inverno en Santiago e Lugo sobre procesos de acreditación e valoración de méritos



**Mercedes Siles Molina,**  
directora de ANECA.



**Elea Giménez Toledo,**  
directora do Centro de  
Ciencias Humanas e  
Sociais do CSIC.

En colaboración con AgroMar, participan a directora de ANECA e a directora do Centro de Ciencias Humanas e Sociais do CSIC.

A Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), en colaboración coa Asociación de Investigadoras/es **AgroMar**, do Campus de Lugo pon en marcha o I Campus de Inverno cun breve curso sobre o proceso e os requisitos de acreditación e a valoración de méritos no que participarán a directora da Axencia Nacional de Evaluación da Calidade e Acreditación (ANECA), Mercedes Siles Molina, e a directora do Centro de Ciencias Humanas e Sociais no Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Elea Giménez Toledo.

A actividade desenvolverase de modo dual na segunda quincena de xaneiro. Mercedes Siles Molina estará presente o 27 de xaneiro no Campus de Lugo con participación online para o alumnado de Santiago inscrito na actividade. A súa intervención centrarase nos procesos de avaliación de calidade docente e investigadora de ANECA, especialmente no programa PEP no que se avalúan as actividades docentes e investigadoras, e a formación académica dos solicitantes para o acceso ás figuras de profesor universitario contratado (profesor contratado doutor, profesor axudante doutor e profesor de universidade privada) establecidas na LOMLOU.

Elea Giménez Toledo impartirá o seu curso a semana anterior no Campus de Santiago, con asistencia telemática para o alumnado do Campus de Lugo, e centrará a súa intervención no libro como soporte de difusión científica, as bases de indexación de editoriais e o papel do libro nos procesos de avaliación da carreira investigadora.

O período de inscrición anunciarase en breve na web da EDIUS e no seu perfil de LinkedIn.

[↩ Ir ao sumario](#)



## A EDIUS impulsa unha canle propia de *YouTube*



A Escola Internacional de Doutoramento da USC (EDIUS) impulsa unha canle propia de *YouTube* para transmitir información e novidades sobre o funcionamento desta escola.

A EDIUS publicará nesta rede social unha primeira serie de sete vídeos nos que se presenta a escola e se explican as actividades formativas da escola, as diferenzas entre a figura do/a titor/a e director/a, os tipos de teses existentes, así como unha explicación sobre o doutoramento industrial na USC.

**Subscríbete**





## PRESENTACIÓN DA ESCOLA



*“Desfrutamos dunha universidade que é máis de cinco veces centenaria, cunha tradición docente e investigadora moi longa, o que é unha fortaleza”*

O director da EDIUS, Pablo Taboada, explica a esencia e concepto da Escola, así como a súa misión dentro da Universidade de Santiago de Compostela. Profundiza Taboada nos valores diferenciais que erixen á USC como unha institución única para que o estudantado complete a súa formación. Nesta liña, destaca a súa longa traxectoria en docencia e investigación, a accesibilidade dos distintos campus, a ampla oferta de programas, ou a calidade e proximidade das relacións interpersoais.

## ACTIVIDADES FORMATIVAS



*“As actividades formativas son moi útiles na etapa de tese pero é unha formación para toda a vida”*

Isabel Neira é a responsable de actividades formativas da EDIUS. No vídeo explica que estes cursos e seminarios teñen como obxectivo dotar a todos/as os/as investigadores/as das competencias e habilidades necesarias na etapa da tese. A EDIUS publica anualmente unha programación que inclúe as grandes áreas temáticas e unha formación transversal.

Cada ano, prográmanse máis de 500 horas de formación en 50 cursos. Neira asegura que estas actividades formativas “son moi útiles na etapa de tese pero, sen embargo, é unha formación para toda a vida.

Isabel Neira lembra que para o estudantado investigador “o máis importante é planificar”. A tese é un período longo e a formación “debe ser básica ao principio, máis avanzado a medida que progresa na súa investigación, e na fase final máis orientada, por exemplo, á fase de defensa”.



[↩ Ir ao sumario](#)

## DOUTORAMENTO INDUSTRIAL NA USC




***“Estes estudos están orientados á resolución das necesidades e problemas da empresa ou do centro de investigación e tecnoloxía”***

Marco Eugenio Vázquez Sentís, subdirector da EDIUS, explica que o Doutoramento Industrial “permite a formación de investigadores en empresas e facilita a transferencia de coñecemento desde a universidade á contorna empresarial galega, achegando, en definitiva, a labor da universidade á sociedade”.

O doutoramento industrial ten que cumprir dous requisitos. Debe haber unha colaboración efectiva entre a universidade e a empresa, e o estudiantado estará contratado pola empresa.

Os estudos industriais están orientados á resolución das necesidades e problemas da empresa ou do centro de investigación e tecnoloxía. Marco Eugenio Vázquez destaca que estes estudos son “unha oportunidade única para as empresas, que poderán innovar da man da USC. Para a universidade, porque poderá transferir os seus coñecemento e estar mais cerca do tecido produtivo galego, pero, sobre todo, para os estudantes que adquiriran unha formación única a través da realización dun proxecto estratéxico nunha empresa en colaboración coa USC”.

## TESE CON REPRODUCCIÓN DE PUBLICACIÓNS



***“Esta modalidade garante que o estudiantado poida comunicar e discutir os seus resultados de investigación coa comunidade científica”***

Ademais do formato tradicional de tese, a USC admite agora un novo tipo de tese. Eva Rodil Rodríguez, secretaria da EDIUS, explica que nesta nova modalidade o estudiantado pode aproveitar táboas, figuras, texto na súa memoria de tese. Debe ser un traballo orixinal e inédito en calquera campo de coñecemento.

Esta modalidade garante que o estudante adquira unha das competencias máis importantes na súa etapa de tese: a de comunicar e discutir os seus resultados de investigación coa comunidade científica. É importante recordar que, cando tes publicacións derivadas da túa etapa de estudante de doutoramento e as queres incluír no teu exemplar de tese, esta é a modalidade á que debes optar”.



## TESE MONOGRÁFICA



***“As teses ensinan a ser persoas máis autónomas porque a disciplina de traballo adquirida non se perde e será moi útil no futuro”***

Dolores Vilavedra, subdirectora da EDIUS, explica neste vídeo a tese monográfica, que, como ela explica, podemos considerar “a tese máis habitual nas áreas de coñecemento de Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas”.

É unha investigación orixinal na que se intenta verificar algunha hipótese de partida. Ou na que se aborda o estudo en profundidade e con metodoloxía rigorosa dalgunha aspecto encadrable dentro dalgunha liña de investigación.

A tese monográfica non ten unha extensión fixa. Vilavedra explica que “non é un libro nin un ensaio”. Finalmente, a subdirectora da EDIUS afirma que estes traballos “ensinan a ser persoas moito máis autónomas porque a capacidade de profundizar nun asunto e a disciplina de traballo adquirida no proceso de investigación e redacción non se perden nunca e serán moi útiles no futuro”.

## TESE POR COMPENDIO DE PUBLICACIÓNS



***“Unha das vantaxes desta variedade de investigación de doutoramento é que o traballo feito nas publicacións mesmas reflíctese na tese”***

Juan Bautista Zaldive Torrente, outro subdirector da EDIUS, é o encargado de explicar esta modalidade de tese. Segundo explica, a Tese por Compendio de Publicacións vira en torno ás contribucións do doutorando ou doutoranda na súa etapa de tese.

Zaldive asegura que unha das vantaxes desta variedade de investigación de doutoramento é que o traballo feito nas publicacións mesmas reflíctese na tese. Ademais, “a revisión por partes feita polas revistas garante a calidade dos resultados da tese”. O subdirector engade que “o feito de redactar os artigos científicos, de ter que responder aos revisores e formatear os artigos garante que se acadan unha das competencias máis importantes: poder comunicar os resultados tanto aos colegas como á comunidade científica en xeral”.

## DIRECTOR/A E TITOR/A



*“A tese é un compromiso a tres: a persoa que a realiza, a persoa que a titoriza e a persoa que a dirixe”*

A responsable de formación da EDIUS fala neste vídeo as diferenzas entre as figuras do titor/a e director/a dunha tese de doutoramento. Isabel Neira explica que o titor é a primeira persoa que o estudante coñece cando chega ao programa de doutoramento. “Axúdalle a coñecer o programa, os prazos, a burocracia e todo o proceso completo”, engade. Ademais, o/a titor/a axudaralle tamén a atopar a persoa que asumirá a dirección, que pode ou non coincidir co titor/a.

A directora ou director é a máxima responsable da tarefa de investigación e guiará ao alumno en toda a etapa da tese. A relación entre directores/as e doutorandos/as vai cambiando a medida que avanza o proceso. “Debe ser fluída e planificada”, afirma Neira. “Recomendamos aos estudantes que sexan proactivos para avanzar no longo proceso da tese”, engade e remarca que “a tese é un compromiso a tres: a persoa que a realiza, a que a titoriza e a que dirixe”.



**EDIUS**

**SIGUENOS  
EN YOUTUBE**

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## A actividade da EDIUS en LinkedIn alcanza os 700 seguidores



### EDIUS. Escola de Doutoramento Internacional

Servicios de investigación

Santiago de Compostela, Galicia / Galiza · 682 seguidores

Un modelo de formación flexible, interdisciplinar e de calidade

O perfil da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago (EDIUS) na rede social de ámbito profesional LinkedIn ten xa case 700 seguidores, un ano despois da su creación co obxectivo de espallar os seus contidos pola comunidade investigadora e universitaria de todo o mundo.

Con este perfil na rede social, a EDIUS quere reforzar a nova forma de comunicación e difusión da información desta escola de doutoramento. Esta iniciativa vai dirixida a todas as persoas que forman parte da #EDIUS. Desde o equipo de

coordinación de cada programa de doutoramento até o persoal administrativo, pasando polo profesorado do programa, os doutorandos e doutorandas, directores de tese e titores, entre outros perfís profesionais. No perfil de LinkedIn da EDIUS, os seguidores atopan material como a mini guía sobre os pasos para elaborar unha tese de doutoramento ou información sobre como a pandemia pola Covid-19 está afectando a estes traballos.

A EDIUS será mais forte cantas máis persoas se integren e participen. Podedes seguirnos na seguinte [ligazón](#).


[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## José Tubío, XI Premio Nacional de Investigación en Cancro ‘Doutores Diz Pintado’

O profesor da USC José Tubío acaba de ser recoñecido co XI Premio Nacional de Investigación en Cancro ‘Doutores Diz Pintado’ pola súa destacada traxectoria investigadora, que comezou en 2010, centrada no xenoma do cancro. Dende 2016, Tubío dirixe o grupo Xenomas e Enfermidade do CiMUS, integrado por vinte investigadores. Este grupo está especializado en identificar os procesos e mecanismos que causan as mutacións das células cancerixenas. O aspecto máis destacado da súa investigación son os estudos do ADN móbil, é dicir, o material xenético capaz de moverse a diferentes partes dun xenoma.

Durante os últimos seis anos, José Tubío dirixiu tamén un dos grupos de traballo integrados no proxecto *Pan-Cancer Analysis of Whole Genomes*. Este foi un dos proxectos máis ambiciosos do mundo no campo da xenómica do cancro, que está enmarcado no Consorcio Internacional do Xenoma do Cancro. Preme [aquí](#) para atopar máis información sobre esta noticia.



Jose Tubío, XI Premio Nacional de Investigación en Cancro ‘Doutores Diz Pintado’.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## USC Editora renova a certificación ISO 9001 de sistemas de xestión da calidade

O selo ‘USC Editora’ acaba de renovar a súa certificación segundo a norma ISO 9001:2015 de sistemas de xestión da calidade.

O informe destaca que “o Sistema de Xestión da Calidade cumpre cos requisitos da norma”, ademais de considerar que se atopa “adecuadamente implantado”. En relación coa situación do ano anterior, cando se rexistrou un atraso nalgunhas actividades relacionadas co sistema de xestión de calidade pola pandemia, a auditoría constata “unha clara melloría”.

USC Editora, que conta coa certificación ISO 9001 dende 2014, é un selo comercial, rexistrado como marca europea, que dá cabida a seis series editoriais (**Académica, Clave, Ensaio, Manuais, Textos, Cuadernos de Español como Lengua Extranjera**) sometidas a un sistema propio de avaliación por pares externos á USC. O selo conta, ademais, cun elenco estable de 19 editores internos.

EDIUS NOVAS

## O IU GreenMetric subliña o compromiso da USC coa sustentabilidade

O IU **GreenMetric Ranking of World Universities 2021** reconece de novo o compromiso medioambiental da USC ao situala no posto 356 de preto de mil universidades de 80 países. En Europa, a USC ocupa o posto 109 de 263 institucións.

Esta clasificación, impulsada pola Universidade de Indonesia, avalía seis indicadores: contorna e infraestruturas (15%), enerxía e cambio climático (21%), residuos (18%), auga (10%), transporte (18%) e educación (18%). O tratamento de residuos e as actividades de reciclaxe é o apartado no que a institución compostelá acadou unha puntuación máis elevada, seguida da educación en materia de sustentabilidade, así como da atención que a institución presta ao uso da enerxía e aos problemas derivados do cambio climático.



[↩ Ir ao sumario](#)



**Jesús Pino Mínguez**

Ciencias da Saúde

**«O doutoramento non é o final da vida académica, excepto se así o desexas. De feito, na miña opinión, é a chave doutras portas relacionadas coa docencia universitaria, con maior profundización na investigación ou cun inicio ou promoción na vida laboral»**

OPINIÓN

## E despois da tese, que?

A etapa de finalización da tese abre unha dura encrucillada a miles de investigadores/as, dado que rematar o doutoramento pode entrañar un cambio fondo. Rematou a miña vida académica? Comezo outra nova etapa investigadora? Irei ao paro, dado que rematei a bolsa de investigación? Hánseme abrir novas perspectivas laborais? Esas poden ser algunhas das preguntas que nos facemos tras defendermos as nosas teses de doutoramento.

O doutoramento non é o final da vida académica, excepto se así o desexas. De feito, na miña opinión, é a chave doutras portas relacionadas coa docencia universitaria, con maior profundización na investigación ou cun inicio ou promoción na vida laboral. De feito, a educación superior e a investigación científica son claves para o crecemento económico e a prosperidade dun país, aínda que, no momento actual, a crise económica que padecemos poida limitar as nosas expectativas.

A RADE tamén apelaba á necesaria revalorización social do título de doutor, para o cal propoñían medidas encamiñadas a aumentar a proxección desta categoría na función pública ou a facer un exercicio de pedagogía cara a unha sociedade que, en boa medida, ignora que é ou para que serve a figura máis apreciada na práctica do entorno académico.

O meu consello é non tomar decisións precipitadas e pensar que as persoas que realizaron unha tese de doutoramento desenvolveron unha serie de habilidades, como obter e identificar información científica, aprenderon a traballar en equipo e a xestionar proxectos, desenvolveron unha capacidade analítica, e compartiron información con outros investigadores coa fin de aplicar os coñecementos científicos para crear e desenvolver novos métodos, novas tecnoloxías, identificar áreas de oportunidade, mellorar procesos, e implementar tecnoloxías xa desenvolvidas.

[↩ Ir ao sumario](#)



 **catro  
cousas**

**Acreditarse?**

Responder pregunta



**catro cousas**

Os resultados:


## Redes sociais

Na actividade vinculada á tese, uso redes sociais científicas, profesionais, xeneralistas...

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida)


### Na realización da tese, uso redes sociais principalmente...

- Para estar alerta de temas
- Para establecer contactos con outras persoas que investigan
- Para facer seguemento de revistas
- Para estar ao tanto das novidades nas convocatorias de axudas ou dos cambios na normativa
- Non uso
- Outras



### A rede social que máis emprego para a realización da tese

- Academia.edu
- ResearchGate
- LinkedIn
- Twitter
- YouTube
- Outra (Si usas alguha das redes propias da cada área, por favor, indica cal é)



[← Ir ao sumario](#)

**catro cousas**

Os resultados:


## Redes sociais

Na actividade vinculada á tese, uso redes sociais científicas, profesionais, xeneralistas...

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida)


Uso as redes sociais xeneralistas para divulgar resultados da investigación da tese ou as publicacións que se derivan dela?

- Si
- Non



A red social xeneralista que máis uso para divulgar resultados e avances da investigación da tese é

- Twitter
- Instagram
- Facebook
- LinkedIn
- TikTok
- Grupos de WhatsApp
- Non o faigo



[← Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



María José  
Martín Pereira

María José Martín Pereira estudou Bioquímica e completou o doutoramento no laboratorio de Luis Blanco no Centro de Bioloxía Molecular Severo Ochoa de Madrid. Durante a súa carreira, estudou os mecanismos que as células usan para reparar o ADN. Tras completar a etapa de posdoutoramento, Martín Pereira centrouse en apoiar na súa carreira a investigadores/as e a estudantes científicos/as.

María José Martín Pereira. Consultora da *Queen Mary University*, Londres.

## «O alumnado debe considerar se as opcións que valora para decidir a carreira profesional lle van facer feliz»

**No mes de decembro, a EDIUS organizou a formación 'Saídas profesionais fóra do laboratorio académico. Que facer co meu doutorado?'. A profesora María José Martín Pereira ofreceu un seminario dirixido ao estudiantado de doutoramento para proporcionarlles toda a información e as ferramentas que poden precisar na procura de saídas profesionais tras rematar a etapa da tese.**

**Está suficientemente informado o estudiantado das posibilidades profesionais unha vez presentada a tese?**

Polo xeral, non teñen suficiente información sobre a gran variedade de opcións ás que poderían dedicar a súa carreira profesional despois da tese. Isto é un problema xeralizado, debido a que moi poucas universidades en España ofrecen esta información. Polo tanto, o esforzo que a USC e a súa escola de doutoramento fan neste sentido é pioneiro e resultará moi útil para os seus estudantes.

O seminario e o panel de expertos que se realizaron en Santiago ofreceron aos asistentes moitas ferramentas e

oportunidades para investigar novas opcións profesionais e aumentar así as súas posibilidades de atopar o traballo que mellor se axuste aos seus coñecementos, personalidades, valores, etc.

**Que consellos básicos lles darías aos/as doutorandos/as?**

O consello principal que lles daría é que, ao tomar decisións sobre a súa carreira profesional, consideren se as opcións que están a valorar lles van facer felices, xa sexa polas tarefas do traballo en si, polo equipo de persoas co que van traballar, polos plans de futuro que ese traballo lles permitirá perseguir, etc. Permanecer durante moito tempo nun traballo que non che ofrece algunha recompensa positiva ou agradable pode chegar a provocar incluso problemas de saúde, físicos e/ou psicolóxicos.

**Trátase, pois, de optimizar o tempo.**

Como outro consello, diríalles que dediquen o suficiente tempo a facer unha investigación preliminar de gran variedade de opcións, coa maior flexibilidade posible. Isto pode levar

↩ [Ir ao sumario](#)

incluso meses, dependendo dos sectores profesionais que estean considerando. No caso da investigación académica, por exemplo, conseguir unha posición postdoutoral pode levar un ano ou máis. Nos sectores privados, normalmente tárdase menos en conseguir un traballo, pero aínda así levará varios meses, sobre todo se hai que aprender algún coñecemento novo ou xerar unha rede de contactos neste sector.


### **Que outras opcións hai ademais das saídas académicas e investigadoras?**

A maior parte dos sectores profesionais están moi interesados en incluír entre o seu persoal a candidatos cunha base científica ou experiencia en investigación, debido ás numerosas habilidades e competencias que terán desenvolvido durante a súa formación científica. Por isto, non hai límite ao número de opcións que os doutorados e doutorandas se poden plantexar, incluíndo o sector financeiro, de consultoría, legal, ou, por suposto, as industrias farmacéuticas e biotecnolóxicas, a comunicación e divulgación médica ou científica ou o sector biosanitario.

**«Ao tomar decisións sobre a súa carreira profesional, consideren se as opcións que están a valorar lles van facer felices, xa sexa polas tarefas do traballo en si, polo equipo de persoas co que van traballar, polos plans de futuro que ese traballo lles permitirá perseguir, etc.»**

### **España, e Galicia en particular, son un bo destino laboral para doutores/as? Existen posibilidades de traballo adecuadas para a súa formación?**

España segue estando moi por detrás doutros países en Europa e no mundo, tanto en investimento público como privado en investigación e desenvolvemento e, por suposto, de aí a ‘fuga de cerebros’ que sofre o noso país. Sen embargo, tamén diría que cada vez hai máis empresas en España que ofrecen moi boas saídas profesionais para os nosos doutores e doutoras, aínda que quizais en sectores que os/as estudantes de doutoramento non teñen tan presentes. Como mostra, e para ampliar o rango de exemplos de opcións dispoñibles, aconsellaríalles que miren o listado de antigos alumnos na páxina de LinkedIn da USC: verán a gran cantidade de empresas e postos de traballo onde podemos atopar a estes antigos alumnos, e seguramente lles sirva de inspiración na súa propia busca. E, por suposto, é unha das mellores maneiras de facer novos contactos no sector no que estean interesados.



# Formación

## Actividades Xaneiro 2022

### Transversais

#### Módulo: Competencias en análise de datos e modelización

##### Introdución a R, estatística e visualización

10, 12, 17 e 19 de xaneiro de 2022

ONLINE 10 e 12 de xaneiro 10:00 - 13:00h; 17 e 19 de xaneiro 16:30 a 19:30h

##### Introdución á R (Lugo)

12 e 14 de Xaneiro 2022

Presencial e sincrónico (MS Teams) AULA E-TERRA Biblioteca Intercentros.  
Campus Lugo 9:30-13:30h

##### Introdución á programación de análises empíricas con R

24, 26 e 27 de xaneiro de 2022

ONLINE, usando Microsoft TEAMS de 10:30 a 12:00h

##### Ferramentas de estatística non paramétrica

25 de xaneiro, 2, 4 e 8 de febreiro

Aula formación EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre de 10:00 a 13:00h

##### Introdución á regresión

15, 18, 22 e 24 de febreiro de 2022


Aula formación EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre 15 e 18  
de febreiro de 16:30 a 19:30 h; 22 e 24 de febreiro de 10:00 a 13:00h

##### Estatística científica cos algoritmos de R

22, 23 e 25 de febreiro de 2022

Aula da Biblioteca Universitaria de Lugo 16:00 a 20:00h

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades Xaneiro 2022

### Transversais

#### Módulo: Outros

##### [Teambuilding: aprendendo de xeito activo a traballar en equipo](#)

19 de xaneiro de 2022 (SANTIAGO)

Aula formación EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre 10:00 a 20:00h

##### [Teambuilding: aprendendo de xeito activo a traballar en equipo](#)

21 de xaneiro de 2022 (LUGO)

Lugo, espazo por determinar 10:00 a 20:00h

#### Módulo: Tratamiento e modelización da información territorial

##### [Análise e visualización de datos espaciais con R](#)

9, 10, 11, 16, 17 e 18 de febreiro de 2022

Actividade ONLINE 16:00-18:00h


#### Módulo: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo

##### [Divulgación e visibilidade social da investigación](#)

8, 14 e 15 de febreiro de 2022

Facultade de Xeografía e Historia; Aula Magna de 16:30 a 19:30h

[↩ Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades Xaneiro 2022

### Profesorado

Módulo: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo

**De directores e directoras de tese a referentes. Habilidades de liderado e xestión de equipos**




12 (presencial); 17,19 e 24 (online), e 26 (presencial) de xaneiro de 2022  
LUGO. Facultade de ADE de 16:00 a 18:00h

 [Ir ao sumario](#)



ENTREVISTA



Xosé Luís Pastoriza  
Rozas

Departamento de Fi-  
losofía e Antropoloxía  
(USC)

## «O éxito da nosa investigación constrúese sobre a capacidade para crear equipos eficaces, compartir visións e misións e celebrar os éxitos colectivos»

Xosé Luís Pastoriza Rozas, profesor do Departamento de Filosofía e Antropoloxía da USC, impartirá o curso **“Teambuilding: aprendendo de xeito activo a traballar en equipo”** nos campus de Santiago e Lugo. Esta formación está deseñada para o desenvolvemento de habilidades para o traballo en equipo das persoas doutorandas. Pastoriza Rozas traballará as competencias transferibles relativas á comunicación, cooperación, liderado, escoita activa e feedback necesarias para traballar de forma eficaz en equipo.

**O obxectivo deste curso é desenvolver as habilidades do traballo en equipo. Como de importante son estas capacidades para o estudiantado?**

A investigación en solitario e en soitude xa non constitúe unha opción. Parodiando a Leibniz, xa non somos “mónadas” illadas e incomunicadas. O éxito da nosa investigación constrúese sobre a capacidade para construír equipos eficaces, xestionar as nosas redes, compartir visións e misións e celebrar os éxitos colectivos.

**E na futura vida profesional?**

Os ecosistemas laborais, a eficacia e a competitividade dependen radicalmente da calidade do traballo en equipo. Ás dinámicas tradicionais temos que integrarlle unha dimensión global, intercultural, interxeracional e con maior importancia dos cuidados e afectos mutuos para que as persoas se realicen persoal e profesionalmente. Necesitamos crear e formar parte de equipos “nutritivos” para as persoas. Velaquí o desafío na vida profesional e investigadora.

**Os investigadores da última década teñen máis ou menos problemas á hora de traballar en equipo?**

Os nosos mellores grupos de investigación incorporan esta dimensión no seu ADN, adestran esta competencia e o asumen como a dinámica natural e espontánea da investigación. Os investigadores desexan ser parte dun equipo. Pero en moitos casos depende da “fortuna” de integrarse ou nun equipo que integra esta filosofía de traballo. Todos queremos vivir a experiencia de investigar nunha comu-

[↩ Ir ao sumario](#)

nidade de influencia, inspiración e respecto mutuo que nutra a nosa paixón, a vocación e o compromiso coa innovación e o avance do coñecemento.

**Primaria, ESO, bacharelato, grao, mestrías,... Son habilidades suficientemente valoradas e aprendidas durante a formación académica dos futuros doutores?**

Na miña experiencia, disque a xente está afeita a traballar en equipo. Pero nos máis dos casos avalían negativamente a súa experiencia. Hai moita frustración e insatisfacción. E un sentimento de culpa. Traballar en equipo é máis que sentarse arredor dunha mesa e distribuír, asignar tarefas e funcións e cumprir con encomendas. Consiste en definir e compartir unha visión, fortalecer a comunicación, alternar liderados, cooperar eficazmente, motivarse mutuamente... E ter a sensación de comunidade pola que paga a pena sumar e multiplicar.

**«Os ecosistemas laborais, a eficacia e a competitividade dependen radicalmente da calidade do traballo en equipo»**

**Falará vostede da necesidade de desafiar os marcos mentais, a que se refire?**

A saír da caverna das nosas inercias, dos nosos prexuízos, das nosas zonas de confort e do “business as usual”. E para iso é preciso adestrar a curiosidade, a sospeita e o marabillarse ante un mundo cheo de posibilidades e oportunidades de innovación. En síntese, o que podemos ofrecer desde a Filosofía.

**Complete a oración: “A formación será un éxito se...”**

...as persoas doutorandas traen roupa cómoda e calzado deportivo... Xa en serio, se veñen dispostas a deixarse sorprender, coa mente aberta, e a apaixonarse na resolución en equipo dos desafíos e dinámicas que van afrontar.



# Teses

Decembro 2021

*Efecto de la dieta y del consumo de alcohol en el cáncer de pulmón en nunca fumadores. Un estudio de casos y controles*

**JOSÉ ANTONIO GARCÍA LAVANDEIRA**

**Director/es:** Alberto Ruano Raviña,  
Juan Miguel Barros Dios

**PD:** Epidemioloxía e Saúde Pública

**Data:** 01/12/2021 - Presencial

*Estudio del contenido en elementos traza de zumos de frutas: desarrollo de un material de referencia certificado. Estudio do contido en elementos traza de zumos de frutas: desenrolo de un material de referencia certificado*

**MAX JOSÉ BELO DE SOUZA**

**Director/es:** Manuel Aboal Somoza,  
M<sup>a</sup> Carmen Barciela Alonso

**PD:** Ciencia e Tecnoloxía Química

**Data:** 01/12/2021 - Virtual

## Resumo:

El objetivo principal de esta tesis es determinar el rol que el consumo de alcohol, frutas y verduras tienen en el desarrollo de cáncer de pulmón (CP) en personas que nunca han sido fumadoras. Se utilizó una muestra poblacional derivada de la agrupación de estudios multicéntricos de casos y controles. Los resultados se ajustaron por edad, sexo, nivel de estudios, tabaquismo pasivo y radón en domicilio. Resultados: a) el consumo de vino y bebidas espirituosas son un factor de riesgo para el CP, b) hay efecto protector para el consumo de naranjas, kiwis, nabos, berza gallega y brócoli, y c) la ingesta de tomates, zanahorias y patatas suponen un factor de riesgo con OR e IC de 1.95 (IC 95%: 1.20-3.20), 1.75 (IC 95%: 1.01-3.04) y 1.84 (IC95%: 1.11-3.08), respectivamente.

## Resumo:

España es uno de los principales exportadores de cítricos de la Unión Europea y por los beneficios económicos generados, se hace altamente necesario disponer de material de referencia (MR) y material de referencia certificados (MRC) adecuados para el análisis en matrices de frutas y zumos de naranja, para asegurar la calidad y confiabilidad de los resultados analíticos. En el presente trabajo, se estudió el contenido en elementos traza de zumos de frutas y se desarrolló un MRC de zumo de naranja, con la finalidad de utilizarlo para validación de procedimientos de análisis y control del contenido de elementos traza en zumos de naranja.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en decembro

*Micropropagation of holm oak by axillary budding and somatic embryogenesis*

**M<sup>a</sup> TERESA MARTÍNEZ SANTIAGO**

**Director/es:** María Elena Corredoira Castro, Ana María Viéitez Martín, María Alicia Carolina Estévez Toranzo (titora)

**PD:** Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria

**Data:** 01/12/2021 - Presencial

### Resumo:

Holm oak (*Quercus ilex* L.) populations are strongly affected by the seca syndrome, a disease of complex aetiology that causes the gradual deterioration of trees until their death. The longterm survival of the dehesa agroforestry ecosystem is seriously altered by the progress of this disease. The research reported in this doctoral thesis has produced significant advances regarding the application of two propagation methods: axillary shoot proliferation and somatic embryogenesis, which can be used to conserve and strengthen surviving populations as well as to produce forest reproductive material of holm oak showing greater tolerance to *P. cinnamomi* and hydric stress, two of the main agents that cause the seca syndrome.

*Study and Control of Thermal Transport in Complex Fluids*

**GONZALO LÓPEZ LORENZO**

**Director/es:** Gonzalo Fernández Rodríguez, José Manuel Díaz Cao

**PD:** Medicina e Sanidade Veterinarias

**Data:** 02/12/2021 - Presencial

